

ENTROIDO 2013



Felipe López, en pleno traballo no baixo da súa casa, ultimando unha careta do felo para estes días. FOTOS MIGUEL VILLAR

Versos de poetas estranxeiros para darlle pulo á máscara local de Maceda

A máscara típica de Maceda desperta interese fora da vila, fora de Galicia. Emilio Arauxo, dono do selo editorial Amas-tra-N-Gallar, leva publicados máis de corenta *felotextos* con poetas de medio mundo. Os tres últimos son: *Felo con moza cos ollos pechados*, poema de Helena Eriksson; *O ollo*, de Anne-Marie Albiach, que só leva unha foto do felo e este verso: «O ollo na cofia é un bestiaro vexetal». A terceira obriña é *Felos de Maceda, enigma ancestral e cosmopolitismo*, de Santiago Prol. Son formas de promocionar o entroido local aproveitando a suxerencia da súa máscara por excelencia. Isto do entroido na literatura, como na arte, lévanos ata as obras escritas medievais para achegarse aos nosos días, pasando por Cervantes, Goya e Valle Inclán. As artes poden con todo, canto máis co entroido e o que significa.

Nos dominios do felo

Vecíños queren que a máscara vaia ós pobos e se concentre en Maceda

JESÚS MANUEL GARCÍA
OURENSE / LA VOZ

Na Couzada de Maceda, Felipe López González dedica o seu tempo a facer a careta do felo. Atendía á súa nai enferma e comezou facendo cestas. «As cestas estaban ben pero a min o felo gustábame de neno, eran uns ídolos para min, eran como deuses», sinala. E optou por facer a máscara típica local. No baixo da casa ten o obradoiro.

«Fai cinco anos que levo nesto e veño facendo uns vinte cada ano máis ou menos», engade. Son encargos de vecíños que queren lucir o seu traxe e máscara neste entroido. Cada careta coa mitra sen pintar véndea a 120 euros. Tamén vendeu caretas para decorar unha casa.

Emprega madeira de cerdeira. Corta o tronco, debuxa o perfil e nunhas dez horas ten a careta tallada e rematada. «Vou innovando, pero a imaxe do felo non cambia, non son dono dela», explica Felipe López.

A mitra píntase con animais propios da Serra de San Mamede. En Maceda hai varias persoas que o fan. Os coloretes loce sempre na careta, que a Felipe López gústalle pálida, con expresión menos agresiva.

O felo vese agora dun xeito especial o sábado de entroido, a primeira hora da mañá, coa subida á serra. José María Parente é membro dun grupo de amantes do felo que, sen deixar perder a tradición, queren que a máscara sexa de todos os macedáns e non de cada pobo.

«Intentamos que o felo tire para adiante pero hai desunións, xente que quere ter o personaxe como propio no seu pobo. Nós buscamos o felo de Maceda e mentres non o consigamos, isto non prospera», sinala.

Recibimento

Sostén Parente que nas aldeas apenas hai xente: «Antes era moi bonito baixar polos pobos e que te recibiran como agora se fai o sábado de entroido, pero non hai xente. Pobos que tiñan cen habitantes hoxe teñen tres ou seis. O de ir pola serra non llo podes quitar porque é bonito, a xente emocionase, outros téñenlle medo, xente de antes que non lle abre as portas porque teme ao felo. Debeulle quedar algún recordo raro de hai moitos

anos», indica este veciño.

O que tratan de cambiar é que o felo non se enroque nunha aldea. «O felo é o entroido e haino que centralizar na vila, sen quitarlle importancia ás aldeas. En Laza ves os peliqueiros que son de todo o concello e xúntanse na vila, así teñen o que teñen; e en Verín pasa o mesmo. Iso buscamos en Maceda e ata se enfadan con nós e mira que eu son da serra, pero o mundo cambiou», manifesta este veciño.

O felo é máis amable, abrázase á xente, corre detrás dos vecíños para xogar, ás mulleres levántanlle a saia para sofaldrear, e os vecíños danlles bica, roscón e licor café. Este sábado espérase que saian arredor duns 80 felos, homes e mulleres, que tamén as hai.



▲ **Señas de identidade.** O caxato, a careta coa mitra e as chocas, complemento do traxe máis enxebre de Maceda.



Autenticidade.

O traxe do felo non debe ser adulterado e manterse na tradición. En Maceda queren dignificar a figura, que viste chaquetilla e pantalón con pompós, medias negras, calcetís brancos e botas de fuelle. Mais coa crise non poden esixir á xente que merque o calzado apropiado. Hai moitos que levan zapatillas, chirucas, di Parente, «e non nos gusta. Pero imos ver se se consegue, se a xente se conciencia». Parente tivo e ten varios familiares que visten de felo. Seu pai, con 76 anos, quixo poñer o seu traxe e luciuno.

O enigma ancestral e cosmopolitismo

A

Santiago Prol

Profesor e investigador

co a concesión da feira no ano 1401, despregou o burgo. Logo veu a revolta irmandiña e a rebelión dos vasalos.

No enigma dos felos áchanse esas reminiscencias. A súa carauta estase a converter no emblema do entroido galego en irmandade cos do Támega. Porén, amosa masculinización do feminino e mitra faunística da nosa serra. Co caxato como arma erótica e intimidatoria, a máscara semella transgresora con autoridade, inmuni-

dade e poder de persuasión. Antano as parellas de felos aparecían mesmo ao lumbrigar o ano con desprazamentos a pé, trouleo nos asentamentos e faldreo coas mulleres, nun xogo lúbrico e cómplice co caxato. Acougaban nas palloiras ós solteiros con rexoubas, anarquía e espírito ceibe. Hogano o sábado de entroido relictan poder de convocatoria.

O batallón de Felos vai dende al aldea de Castro de Escuadro con percorridos polo cordal do San Mamede e asentamentos do Val do Medo. Sempre benvidos nas aldeas e nos lugares amosan brincadeiras, boureo e confraternidade até o solpor.

O cosmopolitismo e a afirmación encriptada do universo felo vén da man do filántropo Emilio Arauxo e do selo *Amas-tra-n-gallar*. A poetisa sueca Helena Eriksson esculcou na criptografía do enigma: *I love Peliqueiro but I am Felo*.